



Concello da Coruña

Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 23618I02DS	
Código de verificación  1460 4Z69 656A 285B 03IK	Expediente 236/2024/186	
	Fecha 11-11-2024	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 13 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Servizo de Educación

Expdte. nº 236/2024/186

Asunto: Aprobación convocatoria Bolsas Norteamérica 2025-2026.

Previa deliberación, **de conformidade co informe—proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro. Aprobar as bases do programa “A Coruña no Mundo: Bolsas Norteamérica 2025-2026”, cuxo obxecto é ofrecerlle a oportunidade ao alumnado matriculado en 4º de ESO nun centro educativo do termo municipal, e empadroado e sendo residente no Concello da Coruña, de cursar o Grao 11 (equivalente ao 1º de Bacharelato) nun High School de Canadá, así como adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real da vida e cultura do país.

Segundo. Autorizar a execución do programa de acordo coas bases da convocatoria, que están recollidas no documento do expediente 236/2024/186 co número de código de verificación 4P5B 3P49 4H6H 0K3H 0XIH, na versión en galego, e co número 511P 4I2W 1H4W 6Q02 1500, na versión en castelán.

Terceiro. Autorizar e facultar á persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación para a realizar cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado na convocatoria destas bolsas.

Cuarto. Facer constar que a efectiva concesión destas bolsas está condicionada, tanto no número de prazas ofertadas como no seu desenvolvemento, á adxudicación do contrato de



Concello da Coruña

“xestión do programa educativo BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026” e ás disponibilidades orzamentarias aprobadas nos orzamentos municipais para esta finalidade na aplicación 60.326.227.35 dos exercicios 2025 e 2026.

Quinto. Publicar as bases no portal de Educación do Concello da Coruña, no taboleiro de anuncios e edictos dispoñible na Sede Electrónica do Concello da Coruña e no portal do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, así como un extracto delas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

www.coruna.gal/educacion

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>

Sexto. Abrir un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do extracto das bases do programa no Boletín Oficial da Provincia para a presentación de solicitudes para participar no programa “A Coruña no Mundo: Bolsas Norteamérica 2025-2026” dirixido ao alumnado de 1º de bacharelato dos centros educativos do termo municipal do Concello da Coruña.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o Secretario xeral do Pleno, Manuel José Díaz Sánchez, como funcionario accidental do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

**O concelleiro-secretario da
Xunta de Goberno Local,**

José Manuel Lage Tuñas

**Confrontado e conforme, o Secretario
xeral do Pleno, en función de órgano
de apoio á Xunta de Goberno Local,**

Manuel José Díaz Sánchez